

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL PERSOAL LABORAL A2 TÉCNICO MEDIO. PROCESO DE ESTABILIZACIÓN.

Sendo as 09:00 horas do día 26 de febreiro do 2026, reúnen-se as persoas que de seguido se relacionan para a constitución do tribunal de selección da praza de traballador/a social – Persoal laboral fixo, A2.

- Presidencia: Luis Javier Castro Martínez (arquitecto técnico do Concello de Teo)
- Vogais
 - Ana Maria Aldrey Pereira (traballadora social do Concello de Vedra)
 - Eva María Castro Tarrío (traballadora social do Concello de Rois).
 - María de los Angeles Navia Vega (Traballadora Social do Concello de A Estrada)
- .Secretaría: Lourdes Dourado González (Orientadora Laboral do Concello de Teo).

Primeiro: De acordo ca base oitava, das que rexen a convocatoria (BOP da provincia de A Coruña nº 230 de data 05 de decembro de 2022):

O tribunal procederá á baremación da fase de concurso, que fará pública mediante anuncio no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, coa indicación da puntuación por cada aspirante.

Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación perante o propio tribunal no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da devandita baremación.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, no seu caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á publicación no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello a baremación definitiva da fase de concurso.



Dáse conta do contido da base novena, das que rexen a convocatoria, referida ao procedemento de selección e cualificación. Segundo a citada base o procedemento de selección será o de concurso de valoración de méritos.

O tribunal cualificara os méritos da forma que se indica a continuación:

*1. Experiencia profesional. Valorarase con arranxo aos criterios establecidos a continuación, e ata o máximo de **70 puntos**:*

- Por servizos prestados na administración local realizando funcións/tarefas relacionadas co desempeño da praza que se convoca (xa sexa coa condición de persoal funcionario ou laboral): 0,49 puntos por cada mes completo de servizos.*
- Por servizos prestados nunha administración distinta a local realizando funcións/tarefas relacionadas co desempeño da praza que se convoca (xa sexa coa condición de persoal funcionario ou laboral): 0,16 puntos por cada mes completo de servizos.*
- Por servizos prestados nos organismos públicos e demais entidades de dereito publico con personalidade xurídica propia, vinculada ou dependente de calquera das Administracións Públicas e Universidades Públicas, realizando funcións/tarefas relacionadas co desempeño da praza que se convoca (xa sexa coa condición de persoal funcionario ou laboral): 0,06 puntos por cada mes completo de servizos.*

Non se terán en conta os períodos inferiores ao mes.

*2. Formación específica/complementaria, ata o máximo de **30 puntos**:*

Cursos de formación: valoraranse os cursos conforme a seguinte escala, tendo en conta o grupo de clasificación da praza a que se opte:

- a) Grupo A1 ou categoría laboral equivalente: 0,10 puntos por hora*
- b) Grupo A2 ou categoría laboral equivalente: 0,125 puntos por hora***
- c) Grupo B ou categoría laboral equivalente: 0,20 puntos por hora*
- d) Grupo C1 ou categoría laboral equivalente: 0,30 puntos por hora*
- e) Grupo C2 ou categoría laboral equivalente: 0,50 puntos por hora*
- f) Grupo AP ou categoría laboral equivalente: 1,00 puntos por hora*

O Tribunal poderá requirir as persoas aspirantes en calquera momento do proceso selectivo, que acrediten a veracidade das circunstancias e documentos achegados e que fosen obxecto de valoración.



No caso de que o órgano de selección comprobe que algunha das persoas aspirantes realizou calquera tipo de actuación fraudulenta ou incorrido en falsidade manifesta na súa solicitude, que xere competencia desleal de acordo con os principios de igualdade, mérito e capacidade, previa audiencia a persoa interesada, debera emitir proposta motivada de exclusión do proceso selectivo, dirixida ao órgano que aprobase a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas, comunicando as falsidades ou actuacións fraudulentas formuladas pola persoa aspirante. Contra a Resolución do devandito órgano poderán interpoñerse os recursos administrativos que procedan. A cualificación final será a suma dos puntos obtidos na fase de concurso.

No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou mais aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

- en primeiro lugar atenderase a puntuación obtida no apartado de experiencia profesional*
- de seguir aquel, a persoa que ocupase mais tempo a praza obxecto do presente proceso selectivo nos últimos 12 anos*
- no ultimo lugar, atenderase a primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autonómica de Galicia que se deriven da oferta de emprego publico correspondente ao ano no que se celebre o proceso selectivo, segundo o sorteo celebrado ao abeiro do previsto no Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Nos apelidos compostos coa preposición de, da, do, de la, d'..., a mesma non será tida en conta (por exemplo: Marta de Castro. A letra a ter en conta será o "C"). De persistir o empate, atenderase a segunda letra do primeiro apelido, seguindo a orde alfabética anterior, e así ata desfacer o empate; continuando polo segundo apelido e finalmente polo nome.*

Segundo: De acordo co exposto, sendo as 13:55 horas do día da data, e debido á complexidade técnica da documentación presentada e do volumen de expedientes a baremar, e co fin de garantir o máximo rigor técnico, os membros do Tribunal acordan, por unanimidade, **suspender a presente sesión de traballo.**



Asimesmo, acordan **convocar unha nova sesión** para continuar co proceso de baremación e, con ese fin, se convoca a todos os seus membros para o **vindeiro día venres, 6 de marzo, ás 08:15 horas.**

Sendo as catorce horas do día indicado, dáse por rematado o acto, estendéndose a presente acta, que asinan todos os membros do tribunal, do que dou fe.

Presidente

Luis Javier Castro Martínez

Vogal

Ana M^a Aldrey Pereira

Vogal

Eva M^a Castro Tarrío

Vogal

M^a de los Angeles Navia Vega

Secretaria

Lourdes Dourado González

